

O Pindo, 6 de setembro de 2011

Estimada/o amiga/o:

A través deste escrito convidámote a participar nun proxecto editorial que xorde por iniciativa da **ASOCIACION MONTE PINDO PARQUE NATURAL** (www.montepindo.org) e que coordinamos os escritores Francisco “Chisco” Fernández Naval e Miro Villar.

O noso obxectivo vai ser a **publicación dunha antoloxía poética**, cuxos beneficios económicos (se os houber, como é o noso desexo) serán integramente destinados ás campañas da devandita entidade pola declaración do Monte Pindo como Parque Natural.

A achega de cada escritor/a será un **poema xa publicado ou orixinal e inédito que mencione ou se inspire no Monte Pindo**. Xa temos compilado algúns textos poéticos, mais cómpre agrandarmos o volume para crearmos un libro importante na cantidade e na calidade textual.

A extensión e a forma dos poemas ten absoluta liberdade, porén recomendamos que a colaboración non exceda dos 100 versos e a poder ser escritos en caracteres Times New Roman a tamaño 12. E cada poeta debe ceder todos os dereitos de reprodución do texto poético para esta edición, o que non será impedimento para que poida dispoñer do poema da súa autoría para o publicar noutro libro propio ou colectivo.

A fin de irmos organizando todo o material que integrará o volume, cómpre que nos fagas chegar, o antes que che sexa posíbel, a túa creación. Se desexas participar neste proxecto, **o prazo de envío remata o vindeiro 31 de outubro**.

Os textos poéticos, publicados ou orixinais e inéditos deben enviarse a calquera destes dous enderezos:

fxnaval@gmail.com

ou

mirovillar@gmail.com

Antecipando a nosa gratitude por colaborares nesta antoloxía, recibe unha aperta atlántica.

Chisco Fernández Naval e Miro Villar (coordinadores)